

**Comentarios publicados no [blog da Biblioteca](#) do ies Sánchez Cantón no curso 07-08**

1. Paréceme que vai ser moi divertido, porque o que lemos na clase foi moi interesante, esta historia tenme boa pinta (Luís Alfonso)

2. Este libro, ao contrario que a Luís, non me está gustando tanto como o outro libro "Contos por palabras". Parece que me gustan máis os libros ou os contos que están divididos en capítulos, como "Intercambio cun inglés". Espero que o que queda de libro sexa máis divertido para que me entreteña máis. Un saúdo. (Iago)

3. A min o libro polo de agora estame parecendo un pouco aburrido porque a presentación dos personaxes está sendo moi longa e non sucede nada interesante. Espero que cando empece o nó sexa moito máis interesante, pero vai ser moi difícil porque "Contos por palabras" é moi interesante e o que me parece mal é que a historia transcorre noutro país e os nomes son moi difíciles de pronunciar ben, a historia tiña que transcorrer en España, pero ben. (Diego)

4. No outro comentario que fixen do libro "Intercambio cun inglés" dixen que o libro non me estaba gustando moito, pero non sei o que pasou xa que o libro me está gustando máis do que me gustaba antes. Creo que o que me interesou para que me teña fixado máis foi cando apareceu o irmán de Tom. (Iago).

5. Eu opino igual que Iago, gustoume máis contos por palabras, paréceme moi longo pero confío en que todo sexa máis interesante e teña algo máis de acción dado que é un chisco aburrido. Os nomes semellan un pouco curiosos e como son alemáns difíciles de pronunciar ben. Recomendámolos a todo tipo de persoa interesada no pasado. (David e Javier)

6. A min o libro *Intercambio cun inglés* pareceume moi plasta porque non ten un argumento moi logrado. O libro vai dun rapaz que recibe na súa casa a un inglés por un intercambio e en vez de vir el vén ..., que non é un santo precisamente. Recomendolle este libro aos nenos e nenas que non teñan outra cousa, que facer que perder o tempo. (Rubén)

7. Ola, quería dicir que me está gustando bastante o libro que estamos lendo agora en clase. *Intercambio cun Inglés* parece que vai ser interesante aínda que non vou dicir moito porque non lemos demasiado (case nin a metade) pero espero que sexa igual de interesante que *Contos por palabras*, xa que foi o que máis me gustou de todos os que lín ata agora. Ben, a ver se é mellor. Eu teño esas esperanzas. (Marta)

8. O libro polo de agora non me gustou moito. Non me gustou porque é bastante aburrido e o seu argumento non é moi bo. Ata o capítulo que lemos non pasou nada interesante, a autora parouse moito nos pequenos detalles (que ó final cansan) e a historia debería ser máis desenvolta. Espero que máis adiante sexa máis divertido e entretido. (Marcela)

9. Ola, eu quería falar dun libro que ao principio é un pouco lento, pero que remata dunha forma bastante boa. É pouco interesante senón fose por como que explica como hai que tratar a xente que lle custa adaptarse, cousa importante neste mundo. (Adrián)

10. Ola! A min *Intercambio cun Inglés* paréceme un libro bastante interesante porque é moi divertido, sobre todo a parte na Hasper aparece pola casa sen roupa e tan tranquilo. Ese neno é un verdadeiro porcalheiro. Como aínda non o acabamos de ler non podo contar o final, pero de todas formas non o ía contar porque prefiro que o descubrades por vós mesmos. Teño gañas de saber o final para enteirarme se o irmán porco de Tom segue tan porcacheiro como antes ou cambiou; é moi difícil que cambie pero ben. De todas as formas a min gústame moito porque aparte de gracioso e entretido, é moi bo para algún momento que esteades aburridos ou non teñades nada que facer. Eu o recomendo porque a min gustoume, non sei a vós. Ata logo! (Paula)

11. Ola! Son Paula outra vez. A min me parece raro que a algúns nenos e algunhas nenas lles pareza aburrido *Intercambio cun Inglés*, de todas formas que cada quen pense o que queira. Para min *Contos por Palabras* e *Intercambio cun Inglés* parecéronme bos libros, tal vez me parece *Contos por Palabras*. A verdade é que coa parte que lemos onte rin moito polo que facía Hasper. Ben, ata outra que é moi tarde. Ata logo!

12. Ola! O libro que estamos lendo agora en clase de galego titúlase: "Intercambio cun inglés". Ao principio era bastante aburrido, xa que non contaba nada interesante. Hai cousas que din que non teñen moito sentido xa que se

eles son alemáns non poden falar castelán, e moito menos galego, Eu creo que deberían facelo coma si fora unha vila galega, así tería máis graza. Agora hai que rematar o libro para opinar o final e así saberemos se mellora ou non. Un saúdo. **(Laura)**

13. Ola! Son **Paula** por terceira vez. Agora que me dou de conta, doulle parte da razón ós rapaces e rapazas que pensan que Intercambio cun Inglés é aburrido. Repasando o conto dinme de conta que a primeira parte do conto foi un pouco aburrida, porque ata que chegou o irmán de Tom, máis ou menos, non pasaron as cousas entretidas. Ben, teño que deixavos, espero que vos guste. Ata logo!

14. Ola a todos! Eu opino que tanto o libro *Intercambio cun inglés* como *Contos por palabras* gústanme por igual, porque o que lle falta a un xa o ten o outro. Por exemplo, *Contos por palabras* viña por capítulos e era máis fácil para ler día a día, pero pola contra *Intercambio cun inglés* é máis entretido e máis para os nenos da nosa idade (supoño). A parte que máis me está gustando é a partir de cando chega Hasper xa que é bastante de risa e pásalo bastante ben. Pensándoo ben, eu creo que prefiro *Intercambio cun inglés*. E deixo aquí a miña opinión para os libros que leamos mais adiante: creo que os libros que lemos polo de agora son libros normais, que narran a vida de persoas, ou de fantasías pero pouco cribles...e a min gustaríame ler libros de aventuras ou de acción... pero de todas as formas gústanme moito os libros que estamos lendo, uns máis ca outros pero non poden ser perfectos non si? **(Lorena)**

15. Ola! Son **Paula** por cuarta vez. Teño que dicir que *Intercambio cun Inglés* gústame moito. Non entendo como un neno pode ser tan porcalheiro. O irmán de Tom, o inglés, como non. Só vou por algunhas das cousas porquentas que fai: por exemplo, como xa dixeran noutro comentario... Outra é que cando estaban xantando, colleu Hasper que é o irmán de Tom, o inglés, colleu o ... Tamén hai outra que é que só ... Será porco o rapaz. Ben, ata logo.

16. Ola son **Paula** de novo, só quero dicir un par de cousiñas. A primeira, é que puxen mal o nome do irmán de Tom. É Jasper non Hasper, por iso me parece mal. A segunda cousa é que como puxo alguén, que lle dou toda a razón, porque tanto *Intercambio cun Inglés* como *Contos por Palabras*, gustáronme os dous, porque un complementa ó outro. Claro que o que estamos lendo é máis para a nosa idade, non digo que non sexa apropiado, porque a min gustoume igual, o que si, os dous contos son bastante entretidos aínda que teñan partes aburridas. O que quero dicir tamén é que se tivera que elixir entre os dous non sabería cal elixir. De todas formas, eu recomendo os dous, porque para a miña opinión, non sei para as dos demais, son moi bos e teñen partes moi graciosas, como xa dixeran anteriormente, a parte na que vén Jasper, o irmán de Tom, que é moi porco. Para min, os que pensan que é mellor *Contos por palabras* me parece que son un pouco apurados, porque *Contos por Palabras* xa o limos, pero *Intercambio cun Inglés* aínda non o rematamos e non saben sequera se vai acabar mellor que *Contos por Palabras* ou non. A verdade é que eu o recomendo para alguén que estea aburrido na súa casa, que lea este libro que é moi entretido e é bo para pasa-lo rato.

17. Só quero dicir que me gustou moito e xa o lin enteiro, está bastante chulo e gracioso. A ver se o do trimestre que vén é igual de interesante. **(Marta)**

18. Debo dicir que o trozo do libro que o profesor de galego nos fixo ler cambiou a opinión que tiña cando publiquei o primeiro comentario. Todas as cousas que Wildi descubriu sobre Jasper fixo que a opinión positiva que tiña ao publicar o segundo comentario fora máis grande. Creo que este último trozo que nos fixo ler para o luns vai ser tan ou máis alucinante que o último. Esta historia me ten cada vez máis boa pinta. **(Iago)**

19. Eu xa o lin, é moi divertido. O que máis me gustou foi cando chegaron ó aeroporto, pois quen estaba esperando non era o neno da foto que tiñan. Que estaba alí era ... era un neno xigante, desordenado e bruto. A verdade é que a min entretívome moitísimo. Aquí acabase o meu comentario. "Adeus" **(Luís)**

20. A min este libro paréceme moi divertido xa que trata dunha historia que chega a ser cómica e bastante divertida, sobre todo o "rapaz" que veu de intercambio que é un porco, un mal falado (en inglés) e un personaxe cómico e estou desexando chegar ao desenlace da historia. **(Daniel Alexandre)**

21. Ola, son **Daniel A.** outra vez e vou dicir unha cousa que non dixeran no meu outro comentario e é que me parece divertido o tema este de ler o libro unha vez á semana e aproveito pra dicir que me gustou pouco máis contos por palabras xa que este ten un argumento frouxiño pero inda así gústame e creo que o libro o final mellorara e o que quixo facer o autor e darlle suspense e para emocionarse despois e opino que se debería mellorar o libro con algún cambio, como que o rapaz se perdera no aeroporto ou que lle rompera a cama pola noite o grandullón como detalle cómico ou que se levara mal co protagonista e houbera pelexas entre eles e o cargara o protagonista ...

22. A min este libro pareceume pouco divertido ao principio porque tarda moito tempo en presentar aos personaxes e os nomes deles son moi raros, como "jasper". Espero que o seguinte libro sexa mais divertido. Un saúdo. **(David)**

23. O libro INTERCambio CUN INGLÉS non me gustou moito porque se lía bastante nalgunhas explicacións. O único que me gustou foi a parte na que facían viaxes segundo a elección de JASPER, que sempre preguntaba que cidade quedaba mais preto de ROMA. Tamén me gustaron algúns detalles cos que botabamos unhas risas na miña clase. Adeus! **(Alfredo)**

24. Ola! O libro "Intercambio cun inglés" gustoume moito porque ten algúns capítulos moi entretidos e divertidos. Chamoume a atención cómo se comporta "Jasper" coa familia de intercambio. Paréceme que se comporta de un xeito inapropiado, por exemplo, bebe directamente do cartón de leite e sempre protesta polo que lle poñen de comer. O final paréceme moi bonito pois por fin "Jasper" ... Pareceume moi curiosa a cerimonia (de pedida de man) que tivo lugar antes de que ... **(Andrea)**

25. O libro "Intercambio cun inglés" que lemos durante o segundo trimestre na clase, pareceume un libro ás veces entretido e outras aburrido. Ten partes nas que é un pouco difícil de seguir, sen embargo, hai outras nas que te divirtes moito lendo. Ó principio o libro pareceume moi pesado e non me gustou moito. A medida que fomos lendo na clase un pouco máis, metínme na historia e aí foi onde empezou a gustarme. O final decepcionoume un pouco, porque ... Opino que este libro tivo unhas partes máis interesantes que outras, pero vos recomendo que o leades, posto que a miña opinión seguramente non sexa a mesma que a vosa. **(Andrea)**

26. O libro "Intercambio cun inglés" a verdade gustoume. Os personaxes parécenme todos moi diferentes entre si e iso fai divertida a historia. Un dos protagonistas da historia é Jasper, o neno de intercambio, que non é quen esperaba que fose a nai de Ewald, pero co tempo todos ... Por iso aínda que en xeral este relato é moi entretido certas cousas cáusanme lástima xa que o inglésiño ten un punto de vista moi escuro, e pensa que ninguén o quere de verdade. Para rematar o meu comentario; puntos a favor do libro, hai moitas cousas en inglés, das cales se aprende vocabulario. Pero o máis importante é que todos ... **(Verónica)**